

GUÍA DIDÁCTICA: LINGUA TURA

RECURSOS MULTIMEDIA DE LINGUA E CULTURA

AUTORAS

HELENA GARCÍA GONZÁLEZ

ESTHER BARROSO MILLÁN

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	4
UNIDADE DIDÁCTICA: REFERENTES MITOLÓXICOS NAS LINGUAS ACTUAIS	5
OBXECTIVOS DE APRENDIZAXE	5
CONTIDOS.....	5
SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS	6
METODOLOXÍA.....	7
ACTIVIDADES	7
RECURSOS DE AVALIACIÓN.....	8
MEDIOS DE RETROALIMENTACIÓN.....	8
UNIDADE DIDÁCTICA: A TRADICIÓN CLÁSICA NAS NOSAS LINGUAS	10
OBXECTIVOS DE APRENDIZAXE	10
CONTIDOS.....	11
SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS	12
METODOLOXÍA.....	12
ACTIVIDADES	14
RECURSOS DE AVALIACIÓN.....	14
MEDIOS DE RETROALIMENTACIÓN.....	15
UNIDADE DIDÁCTICA: LINGUA E SOCIEDADE GRECOLATINA	16
OBXECTIVOS DE APRENDIZAXE	16
CONTIDOS.....	17
SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS	18
METODOLOXÍA.....	18
ACTIVIDADES	19
RECURSOS DE AVALIACIÓN.....	20
MEDIOS DE RETROALIMENTACIÓN.....	20
UNIDADE DIDÁCTICA: REFERENTES DAS LINGUAS CLÁSICAS NAS LINGUAS ACTUAIS	22
OBXECTIVOS DE APRENDIZAXE	22
CONTIDOS.....	23
SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS	24
METODOLOXÍA.....	24
ACTIVIDADES	25
RECURSOS DE AVALIACIÓN.....	26
MEDIOS DE RETROALIMENTACIÓN.....	27
UNIDADE DIDÁCTICA: REFERENCIAS DA VIDA COTIÁ DO MUNDO CLÁSICO NAS LINGUAS ACTUAIS	28
OBXECTIVOS DE APRENDIZAXE	28
CONTIDOS.....	29

SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS	30
METODOLOGÍA.....	31
ACTIVIDADES	31
RECURSOS DE AVALIACIÓN.....	32
MEDIOS DE RETROALIMENTACIÓN.....	33

INTRODUCCIÓN

O obxectivo deste proxecto é a produción de materiais didácticos sobre a tradición cultural clásica en soporte dixital e elaborados de xeito plurilingüe en galego, inglés e francés como un medio que permita mellorar as capacidades lingüísticas e culturais do alumnado e recoñecer os elementos comúns presentes na identidade cultural europea. Os contidos e actividades que desenvolvemos pretenden fomentar a análise e reflexión sobre o uso e o significado de diferentes formas léxicas e expresións lingüísticas mediante a comparación das linguas implicadas no proxecto, buscando unha valoración positiva do plurilingüismo, mellorar as destrezas de aprendizaxe e as competencias básicas tales como a lingüística, tanto na lingua propia como en linguas estranxeiras, a competencia no tratamento da información e dixital e a competencia cultural e artística.

O léxico e as expresións lingüísticas recollidas neste proxecto preséntanse en forma de cinco unidades didácticas referidas cada unha delas a diversos eidos da cultura grecolatina tales como a mitoloxía, a tradición, a sociedade, o léxico e a vida cotiá.

UNIDADES DIDÁCTICAS:

- **PRESENZA DA MITOLOXÍA GRECOLATINA NO LÉXICO**
- **A TRADICIÓN CLÁSICA NAS NOSAS LINGUAS**
- **LINGUA E SOCIEDADE GRECOLATINA**
- **REFERENTES DAS LINGUAS CLÁSICAS NAS LINGUAS ACTUAIS.**
- **REFERENCIAS DA VIDA COTIÁ DO MUNDO CLÁSICO PRESENTES NAS LINGUAS ACTUAIS**

UNIDADE DIDÁCTICA: REFERENTES MITOLÓXICOS NAS LINGUAS ACTUAIS

A unidade didáctica que propoñemos a continuación permitirá que os alumnos acaden e amplíen os seus coñecementos de mitoloxía clásica dunha maneira áxil e ilustrativa e que recoñezan a pervivencia deste amplo universo nas linguas e na cultura europea actual. Recollemos as expresións e palabras, o seu significado e o episodio mitolóxico considerada a súa orixe en galego, francés e inglés.

OBXECTIVOS DE APRENDIZAXE

- Valorar a mitoloxía clásica como elemento unificador da cultura grecolatina e inspirador da cultura europea.
 - Valorar a mitoloxía clásica como un importante compoñente da identidade e diversidade lingüística europea e favorecedor da cohesión social.
 - Identificar, agrupar, segundo a distribución dos contidos que presentamos, e entender as principais escenas da mitoloxía grecolatina nas linguas actuais e a súa influencia artística.
 - Comprender textos informativos e literarios que conteñan as expresións mitolóxicas que propoñemos na nosa unidade, recoñecéndoas como elementos comúns ás linguas máis usadas na Unión Europea e que son parte importante do noso currículo educativo.
 - Mellorar a expresión oral e escrita e a comprensión lectora grazas á adquisición dun léxico básico procedente da mitoloxía clásica.
 - Identificar elementos propios da mitoloxía grecolatina en outras culturas e outras linguas diferentes á nosa.
 - Potenciar o interese pola aprendizaxe e o bo uso da lingua.
-

CONTIDOS

Os contidos que propoñemos nesta unidade didáctica pretenden organizar dun xeito práctico e dinámico o amplo universo da mitoloxía clásica para facilitar ao noso alumnado a adquisición e ampliación dos coñecementos referidos a este eido. Deste

xeito, comezamos polos aspectos máis xerais e coñecidos de todos, como son as escenas mitolóxicas que teñen como protagonistas aos deuses e aos heroes clásicos e, finalmente, centrámonos nos relatos míticos sobre figuras mitolóxicas e a lenda de Troia.

Os contidos que imos desenvolver son os seguintes:

1. **Os deuses olímpicos e o léxico actual:** *“crerse o embigo do mundo”, “a mazá da discordia”, “corno da abundancia”, “ser o anfitrión”, “ser a panacea”, “crerse saído do muslo de Xúpiter”.*
2. **Os heroes míticos e as nosas linguas:** *“coller o touro polos cornos”, “o leito de procrustes”, “a túnica de Neso”, “risa sardónica”, “ser unha harpía”, “ser unha quimera”, “síndrome de Medea”, “a tortura de Sísifo”.*
3. **As figuras mitolóxicas nas linguas actuais:** *“estar en brazos de Morfeo”, “abrir a caixa de Pandora”, “ter vista de lince”, “ser presa do pánico”, “ser un Midas”.*
4. **A lenda de Troia e a súa presenza no noso léxico cotiá:** *“ter unha voz estentórea”, “ir de Escila a Caribde”, “tecer a tea de Penélope”, “escoitar cantos de sereas”, “síndrome de Casandra”.*

SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

Os contidos da nosa unidade didáctica foron secuenciados en función da súa pertenza aos distintos apartados que conforman o que coñecemos como *sociedade grecolatina*. Contribuímos con esta secuenciación á adquisición dun coñecemento asociativo e organizado dos contidos que propoñemos. Tratamos de organizalos dun xeito claro, breve e conciso, buscando un rápido achegamento aos principais conceptos obxecto da nosa unidade e posibilitando que o proceso de ensinanza- aprendizaxe resulte o máis eficiente posible.

No referido á temporalización, consideramos que son necesarias dúas sesións para unha correcta asimilación, comprensión e posta en práctica do aprendido por parte do alumno.

METODOLOXÍA

- Presentación aos alumnos das expresións de orixe mitolóxica cunha pequena explicación dos mitos aos que fan referencia.
- Acompañamento das explicacións con ilustracións dos mitos que estamos a ver.
- Ampliación do coñecemento das escenas mitolóxicas con lecturas apropiadas e presentando o material multimedia que acompaña a cada expresión.
- Explicación da pegada que cada un dos episodios mitolóxicos estudados deixou nas linguas.
- Elaboración de fichas por parte do alumnado onde queden reflectidas as expresións e a súa orixe.
- Realización das actividades interactivas e das propostas na unidade de xeito individual ou colectivo.
- Elaboración de traballos sobre a presenza das expresións estudadas en distintos eidos da cultura: na publicidade, prensa, obras literarias..., usando as fontes que recollemos como material multimedia de apoio e reforzo do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

ACTIVIDADES

O material didáctico que presentamos ofrece diversas actividades e propostas de traballo de carácter interactivo, elaboradas co programa *eXelearning* e proxectadas para unha adquisición motivadora e atractiva dos contidos. No caso das propostas de traballo pretendemos que o alumnado amplíe e profundice nos coñecementos buscando información nas direccións web que recollemos e que elabore un traballo que deberá ser presentado en formato word.

As actividades que presentamos en cada unidade están elaboradas en función das seccións nas que estruturamos os seus contidos e permiten achegarse ao coñecemento mediante unha proposta ampla e variada, xa que propoñemos dende

actividades de lectura con textos e preguntas de comprensión referidas aos conceptos desenvolvidos até actividades de encher ocas ou encrucillados.

Por outro lado, recollemos unha serie de actividades de reforzo e ampliación en cada unidade didáctica que permiten a consolidación da aprendizaxe dos contidos, elaboradas noutras aplicacións informáticas como *Hot potatoes* ou *JClic*.

Na estrutura de cada unidade didáctica ofrecemos tamén baixo o enunciado de CADERNO a posibilidade de realizar distintos tipos de actividades impresas coa idea de adxuntalas aos cadernos de clase e presentalas como un recurso máis de avaliación.

RECURSOS DE AVALIACIÓN

- O alumno deberá ser capaz de comprender o significado e identificar a orixe mítica das expresións lingüísticas que propoñemos mediante a resolución das actividades elaboradas para esta unidade, tanto as interactivas como as que deberá presentar no seu caderno.
- O alumno deberá poder explicar coas súas palabras os episodios mitolóxicos estudados na unidade nunha sinxela proba de coñecementos.
- O alumno deberá mostrar unha habilidade media ou, polo menos, interese no uso das novas tecnoloxías a través da resolución das actividades interactivas e traballos de ampliación de coñecementos que terá que entregar como un documento de aula.
- Participación e implicación na realización das diferentes actividades.
- Revisión dos cadernos de clase.
- Sinxela proba sobre os contidos máis importantes da unidade.
- Traballos individuais ou en grupo de ampliación dos contidos.

MEDIOS DE RETROALIMENTACIÓN

Consideramos que no proceso avaliativo é necesario articular medios para achegar a retroalimentación ás aprendizaxes, xa que a avaliación non é un proceso pechado e esta debe anticipar a aparición e valoración de dificultades non previstas inicialmente.

Por tanto, as medidas que propoñemos para realizar un seguimento do proceso de ensinanza-aprendizaxe e da práctica docente así como do grao de implicación dos alumnos son as seguintes:

1. Dedicaremos unha parte de cada sesión a realizar de viva voz un breve cuestionario que contribúa a que o alumnado teña unha percepción axustada das súas posibilidades, dos seus erros e do xeito de superalos.
2. Na última sesión de cada unidade didáctica comentarase cos alumnos aspectos referidos ao desenvolvemento dos contidos e actividades, tratando de recoller información das súas impresións e do seu grao de motivación.
3. A información proporcionada polos dous puntos anteriores permitirán ao docente reflexionar sobre a marcha da materia, a validez da metodoloxía empregada e valorar as medidas de reorientación do proceso de ensinanza-aprendizaxe.
4. Ao remate de cada unidade didáctica o profesor pasará ao alumnado algún tipo de cuestionario que permita retroalimentar o proceso de avaliación.

UNIDADE DIDÁCTICA: A TRADICIÓN CLÁSICA NAS NOSAS LINGUAS

Nesta unidade recolleremos breves sucesos históricos, curiosos aspectos culturais e anécdotas dos principais personaxes da historia grecolatina que marcaron a tradición clásica e cuxo coñecemento resulta hoxe imprescindible para poder entender en toda a súa dimensión termos e expresións que usamos habitualmente.

OBXECTIVOS DE APRENDIZAXE

Contribución da unidade didáctica á adquisición das competencias básicas:

Competencia en comunicación lingüística: esta unidade contribúe á produción de mensaxes escritos, así como á comunicación oral e á comprensión de textos en diversas linguas. Podemos considerar a nosa unidade didáctica como unha ferramenta áxil e práctica que permitirá ao noso alumnado acadar e ampliar o seu léxico e o coñecemento referido aos distintos elementos da tradición cultural clásica presentes na actualidade europea.

Competencia na expresión cultural e artística: a contribución a esta competencia acadámola mediante o coñecemento de importantes personalidades e sucesos da historia antiga e de aspectos culturais do mundo clásico vixentes nas linguas actuais e que permiten ao alumno interpretar mellor a realidade que o rodea.

Competencia para aprender a aprender: pola presentación dos contidos e actividades realcionados coa historia e cultura grecolatina dun xeito suxestivo e práctico, esta unidade didáctica contribuirá a unha aprendizaxe autónoma e asociativa do noso alumnado.

Competencia dixital: pretendemos fomentar un uso crítico e reflexivo das distintas fontes de información da internet mediante a recollida na nosa unidade didáctica de direccións web con información relevante e fiable sobre a historia e a cultura grecolatina, facendo delas un referente para os alumnos sobre como achegarse á

realidade das tecnoloxías da información, e a través da proposta de actividades que supoñan a análise, selección e tratamento da información en distintas aplicacións informáticas para elaborar documentos de aula.

Competencia social e cidadán: a contribución xorde a partir do coñecemento da historia e cultura antiga como un instrumento para entender e valorar a nosa propia organización social e cidadán e os elementos culturais comúns e identitarios de Europa.

Obxectivos específicos da unidade didáctica:

- Coñecer o significado e a orixe dun grupo de palabras e expresións lingüísticas que proceden de diferentes ámbitos da historia e a cultura antiga e a súa vixencia na actualidade.
- Comparar a evolución e os cambios en galego, inglés e francés na forma de palabras e expresións lingüísticas xurdidas na tradición clásica.
- Identificar os elementos da historia e a cultura do mundo clásico que configuran as raíces da identidade europea.
- Aplicar os coñecementos adquiridos na resolución das actividades propostas e na interpretación dos textos e vídeos.
- Diferenciar os ámbitos que conforman o que englobamos baixo o epígrafe *tradición romana*.
- Identificar, cando sexa o caso, o diferente significado en distintas linguas dunha palabra que ten a mesma orixe.

CONTIDOS

Sendo conscientes de que resultaría moi difícil percorrer todos os elementos da tradición grecolatina, consideramos especialmente importante elaborar una unidade que nos permita recompilar os aspectos máis suxestivos e ilustrativos desta tradición e a súa pegada no noso léxico, coa intención de espertar o interese do alumno por achegarse á historia e cultura antiga.

Coa intención de sistematizar os contidos conceptuais desta unidade e facilitar a aprendizaxe e asociación dos mesmos aos alumnos, propoñemos a seguinte división:

Os contidos que imos desenvolver son os seguintes:

1. Palabras e expresións relacionadas con personaxes da historia antiga: *“mesalina”, “lei draconiana”, “rico como Creso”, “mausoleo”, “vitoria pírrica”, “filípica”, “complexo de Alexandre”, “espada de Damocles”, “a muller de César”, “o can de Alcibíades”*.
2. Palabras e expresións relativas a sucesos e lugares históricos: *“frecha de parto”, “delicias de Capua”, “retirarse sobre el Aventino”, “discusión bizantina”, “nó gordiano”, “pasar polas forcas caudinas”, “pasar o Rubicón”, “maratón”*.
3. Palabras e expresións orixinadas na cultura grecolatina: *“mecenas”, “sibarita”, “faro”, “candidato”, “a oitava marabilla do mundo”, “lacónico”, “espartano”, “garda pretoriana”, “a cuadratura do círculo”, “cínico”, “a síndrome de Dióxenes”, “traballo”, “ostracismo”, “dormirse nos loureiros”, “álbum”*.

SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

Os contidos da nosa unidade didáctica foron secuenciados en función da súa pertenza aos distintos apartados que conforman o que demos en chamar tradición grecolatina. Contribuímos con esta secuenciación a acadar un coñecemento asociativo e organizado dos contidos que propoñemos. Tratamos de organizalos dun xeito claro, breve e conciso, buscando un rápido achegamento aos principais conceptos obxecto da nosa unidade e posibilitando que o proceso de ensinanza-aprendizaxe resulte o máis eficiente posible.

No referido á temporalización, consideramos que son necesarias tres sesións para unha correcta asimilación, comprensión e posta en práctica do aprendido por parte do alumno.

METODOLOXÍA

A nosa intención didáctica parte da base de que o que procuraremos será suscitar o interese dos alumnos polo coñecemento dos referentes históricos e culturais antigos ocultos tralas palabras e expresións de uso máis cotiá e convertelos nunha vía para

entender mellor o mundo actual e interpretar as mensaxes escritas e orais que conteñen tales referentes, tanto na propia lingua como nas linguas estranxeiras das que, nun mundo globalizado como o actual, é imprescindible ter coñecemento. Empregaremos unha metodoloxía dedutiva e interactiva, tratando de evitar a simple memorización dos contidos e considerando que é mellor que o alumno se quede con algúns coñecementos básicos ben sustentados sobre a tradición clásica e que se convertan nun aliado fundamental para futuras aprendizaxes.

Traballaremos do seguinte xeito:

1. Como é moi importante a motivación do alumno, comezaremos vendo unha galería de imaxes asociadas a unha palabra ou a unha expresión elaboradas con *eXelearning* e contidas na aula virtual da que forma parte o alumno.
2. Realizaremos preguntas que susciten o seu interese por entender o significado actual e a orixe, así como a relación entre a imaxe e a palabra.
3. Presentaremos, a continuación, o tema elaborado en *eXelearning* e realizaremos unha exposición dos contidos apoiándonos nesta presentación.
4. Procuraremos en todo momento dótalo de instrumentos que lle axuden a interpretar a realidade actual e a extraer conclusións propias a partir da presentación e exposición dos contidos máis relevantes.
5. Realización das actividades interactivas contidas en *eXelearning* e en outras aplicacións informáticas.
6. Proporemos actividades de autoevaluación e profundización que se realizarán en grupo e que serán recollidas no caderno de clase.
7. Faremos suxerencias de actividades en grupo das diferentes explicacións da unidade, orientadas a ampliar os coñecementos acadados e usando as fontes de información que recollemos en *eXelearning* en relación con esta unidade, e que deberán presentar como un documento *word* que subirán á aula virtual.

ACTIVIDADES

O material didáctico que presentamos ofrece diversas actividades e propostas de traballo de carácter interactivo, elaboradas co programa *eXelearning* e proxectadas para unha adquisición motivadora e atractiva dos contidos. No caso das propostas de traballo pretendemos que o alumnado amplíe e profundice nos coñecementos buscando información nas direccións web que recollemos e que elabore un traballo que deberá ser presentado en formato word.

As actividades que presentamos en cada unidade están elaboradas en función das seccións nas que estruturamos os seus contidos e permiten achegarse ao coñecemento mediante unha proposta ampla e variada, xa que propoñemos dende actividades de lectura con textos e preguntas de comprensión referidas aos conceptos desenvolvidos até actividades de encher ocos ou encrucillados.

Por outro lado, recollemos unha serie de actividades de reforzo e ampliación en cada unidade didáctica que permiten a consolidación da aprendizaxe dos contidos, elaboradas noutras aplicacións informáticas como *Hot potatoes* ou *JClic*.

Na estrutura de cada unidade didáctica ofrecemos tamén baixo o enunciado de CADERNO a posibilidade de realizar distintos tipos de actividades impresas coa idea de adxuntalas aos cadernos de clase e presentalas como un recurso máis de avaliación.

RECURSOS DE AVALIACIÓN

- Realización das actividades e do traballo programado.
- Presentación do caderno de clase.
- Cualificación obtida nunha sinxela proba sobre os conceptos máis importantes da unidade didáctica.
- Habilidade no manexo dos materiais dixitais.
- Seguimento das actividades programadas.
- Participación e implicación na realización das diferentes actividades.

- Revisión dos cadernos de clase.
- Sinxela proba sobre os contidos máis importantes da unidade.
- Traballos individuais ou en grupo de ampliación dos contidos.

MEDIOS DE RETROALIMENTACIÓN

Consideramos que no proceso avaliativo é necesario articular medios para a chegar a retroalimentación ás aprendizaxes, xa que a avaliación non é un proceso pechado e esta debe anticipar a aparición e valoración de dificultades non previstas inicialmente. Por tanto, as medidas que propoñemos para realizar un seguimento do proceso de ensinanza-aprendizaxe e da práctica docente así como do grao de implicación dos alumnos son as seguintes:

5. Dedicaremos unha parte de cada sesión a realizar de viva voz un breve cuestionario que contribúa a que o alumnado teña unha percepción axustada das súas posibilidades, dos seus erros e do xeito de superalos.
6. Na última sesión de cada unidade didáctica comentarase cos alumnos aspectos referidos ao desenvolvemento dos contidos e actividades, tratando de recoller información das súas impresións e do seu grao de motivación.
7. A información proporcionada polos dous puntos anteriores permitirán ao docente reflexionar sobre a marcha da materia, a validez da metodoloxía empregada e valorar as medidas de reorientación do proceso de ensinanza-aprendizaxe.
8. Ao remate de cada unidade didáctica o profesor pasará ao alumnado algún tipo de cuestionario que permita retroalimentar o proceso de avaliación.

UNIDADE DIDÁCTICA: LINGUA E SOCIEDADE GRECOLATINA

Nesta unidade ímonos achegar a aspectos da sociedade clásica que nos resultarán moi novidosos e que poderemos entender facilmente a través da súa pervivencia en termos e expresións que usamos habitualmente e cuxo significado, en moitas ocasións, non comprendemos en toda a súa dimensión.

OBXECTIVOS DE APRENDIZAXE

Contribución da unidade didáctica á adquisición das competencias básicas:

Competencia en comunicación lingüística: esta unidade contribúe á expresión oral e escrita e á lectura comprensiva de textos diversos en diferentes linguas que forman parte do currículo do noso sistema educativo. Podemos considerar a nosa unidade didáctica como unha ferramenta dinámica e práctica que permitirá ao alumnado a adquisición e ampliación de léxico referido aos distintos elementos da sociedade clásica en diferentes linguas.

Competencia na expresión cultural e artística: a contribución a esta competencia acadámola mediante o coñecemento de relevantes contidos literarios, relixiosos e culturais da antigüidade clásica presentes nas linguas actuais e que permiten ao alumno interpretar mellor a realidade que o rodea.

Competencia para aprender a aprender: pola presentación dos contidos e actividades realcionados coa sociedade clásica dun xeito sinxelo e práctico, esta unidade didáctica contribuirá a unha aprendizaxe autónoma e organizada do alumnado.

Competencia dixital: pretendemos fomentar un uso crítico e reflexivo das distintas fontes de información da rede mediante a recollida na unidade didáctica de direccións web con información relevante e fiable sobre a sociedade clásica, facendo delas un modelo para os alumnos sobre como achegarse á realidade das tecnoloxías da información, e a través da proposta de actividades que supoñan a análise, selección e

tratamento da información en distintas aplicacións informáticas para elaborar documentos de aula.

Competencia social e cidadán: a contribución xorde a partir do coñecemento da literatura, relixión e cómputo do tempo clasico como un medio para achegarse e valorar a nosa organización social e para identificar os elementos de cohesión social e cidadán comúns a toda Europa.

Obxectivos específicos da unidade didáctica:

- Identificar o significado e a orixe dun grupo de palabras e expresións lingüísticas que proceden de diferentes ámbitos da sociedade antiga e a súa vixencia na actualidade.
- Comparar a evolución e os cambios en galego, inglés e francés na forma de palabras e expresións lingüísticas xurdidas nas sociedades clásicas.
- Coñecer os elementos da literatura, relixión e organización do tempo da antigüidade clásica que perviven na actualidade.
- Aplicar os coñecementos adquiridos na resolución das actividades propostas e na interpretación dos textos e vídeos.
- Diferenciar os ámbitos que conforman o que englobamos baixo o epígrafe *sociedade grecolatina*.
- Identificar, cando sexa o caso, o diferente significado en distintas linguas dunha palabra que ten a mesma orixe.

CONTIDOS

Os contidos que os alumnos deberán coñecer dun xeito claro, breve e conciso son os aspectos de literatura, relixión e cómputo do tempo que propoñemos na unidade didáctica como orixe das palabras e expresións lingüísticas que analizamos. Asemade, deberán comprender e saber usar en contextos adecuados o significado desas palabras e expresións na lingua propia e nas linguas estranxeiras que empregamos na unidade e coñecer e memorizar o termo nesas linguas.

Os contidos que imos desenvolver son os seguintes:

1. Palabras e expresións procedentes da literatura clásica: “*risa homérica*”, “*tácito e taciturno*”, “*as uvas están verdes*”, “*lesbian*”, “*catilinaria*”, “*cicerone*”.
 2. Palabras e expresións derivadas da relixión grecolatina: “*fanático*”, “*ovación*”, “*hecatombe*”, “*holocausto*”, “*sibilino*”.
 3. Palabras e expresións procedentes do cómputo do tempo grecolatino: “*sesta*”, “*bisiesto*”, “*feira*”, “*vixilia*”.
-

SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

Os contidos desta unidade didáctica foron secuenciados en función da súa pertenza aos distintos apartados que conforman o que coñecemos como *sociedade grecolatina*. Contribuímos con esta secuenciación á adquisición dun coñecemento asociativo e organizado dos contidos que propoñemos. Tratamos de organizalos dun xeito claro, breve e conciso, buscando un rápido achegamento aos principais conceptos obxecto da presente unidade e posibilitando que o proceso de ensinanza-aprendizaxe resulte o máis eficiente posible.

No referido á temporalización, consideramos que son necesarias dúas sesións para unha correcta asimilación, comprensión e posta en práctica do aprendido por parte do alumno.

METODOLOXÍA

Empregaremos unha metodoloxía activa, práctica e participativa, tratando fundamentalmente de suscitar o interese e a implicación dos nosos alumnos na súa aprendizaxe.

Traballaremos do seguinte xeito:

1. Como é moi importante a motivación do alumno, comezaremos vendo unha galería de imaxes asociadas a unha palabra ou a unha expresión elaboradas con *eXelearning* e contidas na aula virtual da que forma parte o alumno.

2. Realizaremos preguntas que susciten o seu interese por entender o significado actual e a orixe, así como a relación entre a imaxe e a palabra.
3. Presentaremos a continuación o tema elaborado en *eXelearning* e realizaremos a explicación apoiándonos nesta presentación.
4. Realización das actividades interactivas contidas en *eXelearning* e en outras aplicacións informáticas.
5. Usaremos como actividade de reforzo e repaso de conceptos a realización en grupo das actividades deseñadas na unidade didáctica e que serán recollidas no caderno de clase.
6. Proporemos a realización dun traballo en grupo ou individual, orientado a ampliar os coñecementos acadados e usando as fontes de información que recollemos en *eXelearning* en relación con esta unidade, e que deberán presentar como un documento *word* que logo subirán á aula virtual.

ACTIVIDADES

O material didáctico que presentamos ofrece diversas actividades e propostas de traballo de carácter interactivo, elaboradas co programa *eXelearning* e proxectadas para unha adquisición motivadora e atractiva dos contidos. No caso das propostas de traballo pretendemos que o alumnado amplíe e profundice nos coñecementos buscando información nas direccións web que recollemos e que elabore un traballo que deberá ser presentado en formato word.

As actividades que presentamos en cada unidade están elaboradas en función das seccións nas que estruturamos os seus contidos e permiten achegarse ao coñecemento mediante unha proposta ampla e variada, xa que propoñemos dende actividades de lectura con textos e preguntas de comprensión referidas aos conceptos desenvolvidos até actividades de encher ocos ou encrucillados.

Por outro lado, recollemos unha serie de actividades de reforzo e ampliación en cada unidade didáctica que permiten a consolidación da aprendizaxe dos contidos, elaboradas noutras aplicacións informáticas como *Hot potatoes* ou *JClic*.

Na estrutura de cada unidade didáctica ofrecemos tamén baixo o enunciado de CADERNO a posibilidade de realizar distintos tipos de actividades impresas coa idea de adxuntalas aos cadernos de clase e presentalas como un recurso máis de avaliación.

RECURSOS DE AVALIACIÓN

- Realización das actividades e do traballo programado.
- Presentación do caderno de clase.
- Cualificación obtida nunha sinxela proba sobre os conceptos máis importantes da unidade didáctica.
- Habilidade no manexo dos materiais dixitais.
- Seguimento das actividades programadas.
- Participación e implicación na realización das diferentes actividades.
- Revisión dos cadernos de clase.
- Sinxela proba sobre os contidos máis importantes da unidade.
- Traballos individuais ou en grupo de ampliación dos contidos.

MEDIOS DE RETROALIMENTACIÓN

Consideramos que no proceso avaliativo é necesario articular medios para a chegar a retroalimentación ás aprendizaxes, xa que a avaliación non é un proceso pechado e esta debe anticipar a aparición e valoración de dificultades non previstas inicialmente. Por tanto, as medidas que propoñemos para realizar un seguimento do proceso de ensinanza-aprendizaxe e da práctica docente así como do grao de implicación dos alumnos son as seguintes:

1. Dedicaremos unha parte de cada sesión a realizar de viva voz un breve cuestionario que contribúa a que o alumnado teña unha percepción axustada das súas posibilidades, dos seus erros e do xeito de superalos.

2. Na última sesión de cada unidade didáctica comentarase cos alumnos aspectos referidos ao desenvolvemento dos contidos e actividades, tratando de recoller información das súas impresións e do seu grao de motivación.
3. A información proporcionada polos dous puntos anteriores permitirán ao docente reflexionar sobre a marcha da materia, a validez da metodoloxía empregada e valorar as medidas de reorientación do proceso de ensinanza-aprendizaxe.
4. Ao remate de cada unidade didáctica o profesor pasará ao alumnado algún tipo de cuestionario que permita retroalimentar o proceso de avaliación.

UNIDADE DIDÁCTICA: REFERENTES DAS LINGUAS CLÁSICAS NAS LINGUAS ACTUAIS

A proposta didáctica que formulamos a continuación terá como finalidade recompilar e organizar información referida ao léxico latino e grego que pervive sen alteracións morfolóxicas nas distintas linguas europeas e que pretendemos que se converta nun primeiro achegamento dos nosos alumnos ao coñecemento dun vocabulario básico latino e grego.

OBXECTIVOS DE APRENDIZAXE

Contribución da unidade didáctica á adquisición das competencias básicas:

Competencia en comunicación lingüística: esta unidade contribúe claramente ao enriquecemento e ampliación da expresión e comprensión oral e escrita do noso alumnado mediante a proposta de traballo de textos de diversa índole en diferentes linguas curriculares e mediante a identificación de compoñentes comúns ás linguas europeas, configurando así nos nosos alumnos a certeza da existencia dun sustrato lingüístico común europeo que permite a intercomunicación máis aló das diverxencias lingüísticas identitarias.

Competencia na expresión cultural e artística: a contribución a esta competencia acadámola mediante o coñecemento de relevantes contidos históricos e culturais da antigüidade clásica constatables nas linguas curriculares e que permiten ao alumno coñecer mellor a cultura común europea.

Competencia para aprender a aprender: pola presentación dos contidos teóricos dun xeito esquemático e da proposta de actividades de profundización e autoevaluación relacionadas coas linguas clásicas, esta unidade didáctica contribuirá a unha aprendizaxe autónoma e asociativa do noso alumnado.

Competencia dixital: pretendemos fomentar un uso crítico e reflexivo das distintas fontes de información da internet mediante a selección nesta unidade didáctica de direccións web con información rigorosa e fiable sobre o léxico das linguas clásicas,

tratando de convertelas nunha referencia para os alumnos sobre como manexar as tecnoloxías da información e a comunicación, e propoñendo actividades que supoñan a busca, análise e tratamento dos contidos en distintas aplicacións informáticas que lles permitan elaborar documentos de aula que completen os desenvolvementos teóricos da unidade.

Competencia social e cidadán: a contribución xorde a partir do recoñecemento de elementos lingüísticos idénticos e universais nas linguas de Europa como un sustrato que nos cohesiona socialmente e como cidadáns.

Obxectivos específicos da unidade didáctica:

- Identificar a orixe, o significado e a vixencia actual dun grupo de termos e expresións lingüísticas procedentes de elementos básicos de formación e palabras tomadas directamente das linguas clásicas.
- Recoñecer a importancia da aprendizaxe das linguas clásicas como un medio para coñecer mellor a lingua propia e aprender dun xeito máis rápido as linguas estranxeiras.
- Coñecer a través do léxico das linguas clásicas elementos da literatura, a arte, a historia e a cultura clásica que aínda hoxe en día son referentes para entender mellor o mundo que nos rodea.
- Analizar e identificar os compoñentes formativos das linguas clásicas que interveñen na creación de novas palabras do eido técnico, científico ou cultural.
- Aplicar os coñecementos adquiridos na resolución das actividades propostas e na interpretación dos textos e vídeos.

CONTIDOS

Sendo conscientes de que resultaría imposible percorrer todos os aspectos relacionados co léxico grecolatino, consideramos especialmente importante elaborar una unidade de carácter introdutorio que nos permita recompilar os elementos máis cercanos e despertar o interese e o desexo do alumno por achegarse ás linguas clásicas.

Coa intención de organizar os contidos teóricos desta unidade e facilitar a aprendizaxe e asociación dos mesmos aos alumnos, propoñemos a seguinte división:

1. Do alfabeto ao abecedario: *“abecedario”, “alfabeto”, “o alfa e o omega”, “v/u; y/i nos textos latinos”, “ampersand”, “\$”, “?”*.
2. Palabras e expresións relacionadas cos soportes da escriutura: *“volume”, “carta”, “pergamino”, “pluma”, “pluma estilográfica”, “papel”*.
3. Etimoloxías latinas e gregas nas linguas actuais: *“cadáver”, “sarcófago”, “graffiti”, “SPA”, “tisana”, “amendoa”, “bulimia”, “anorexia”, “analxésico”, “delete”, “bit”, “rival”, “trivial”, “salario”, “idiota”, “carnaval”*.
4. Latinismos e helenismos frecuentes nas linguas actuais: *“ad kalendas graecas”, “intelligentibus pauca”, “rara avis”, “RIP”, “STTL”, “SPQR”, “tabula rasa”, “verbi gratia”, “horror vacui”, “eureka”, “pantocrátor”, “mataiotes mataiotetos kai panta mataiotes”, “panta rei”, “meden agan”*.

SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

A secuenciación dos contidos realizarase tendo en conta a distribución en apartados da nosa unidade. Esta secuenciación pretende contribuír á adquisición dun coñecemento asociativo e sistematizado dos contidos que propoñemos. Procuramos organizalos dun xeito ameno evitando no posible que os contidos sexan interpretados como simples relacións de léxico que o alumno debe memorizar.

No referido á temporalización, consideramos que son necesarias catro sesións para unha correcta asimilación, comprensión e posta en práctica do aprendido por parte do alumno.

METODOLOXÍA

A nosa pretensión pedagóxica parte da base de que o que procuraremos será provocar o interese dos alumnos na identificación de elementos lingüísticos que lle permitan interpretar mellor as mensaxes escritas e orais tanto na propia lingua como nas linguas estranxeiras das que hoxe en día, nunha sociedade globalizada, é imprescindible ter

coñecemento. Empregaremos unha metodoloxía dedutiva e práctica, tratando de evitar a simple memorización dos contidos e considerando que é mellor que o alumno se quede con algunhas ideas básicas ben afianzadas das linguas clásicas e que se convirtan nun aliado fundamental para futuras aprendizaxes.

Traballaremos do seguinte xeito:

1. Como é moi importante a motivación do alumno, presentaremos o tema a través dunha galería de imaxes asociadas a unha palabra ou a unha expresión elaboradas con *eXelearning* e contidas na aula virtual da que forma parte o alumno.
2. Realizaremos breves cadros sinópticos con preguntas que susciten o seu interese por entender o significado actual e a orixe dun termo, así como a relación entre a imaxe e a palabra.
3. Presentaremos, a continuación, o tema elaborado en *eXelearning* e realizaremos a exposición apoiándonos nesta presentación.
4. Procuraremos en todo momento dotalo de instrumentos que lle axuden a interpretar a realidade actual e a extraer conclusións propias a partir da presentación e exposición dos contidos máis relevantes.
5. Realización das actividades interactivas o máis suxestivas posible recollidas en *eXelearning* e realizadas noutras aplicacións informáticas.
6. Proporemos actividades de autoevaluación e profundización que se realizarán en grupo e que serán recollidas no caderno de clase.
7. Faremos suxerencias de actividades en grupo das diferentes explicacións do unidade orientadas a ampliar os coñecementos acadados e que permitan usar as fontes de información que recollemos en *eXelearning* en relación con esta unidade, e que serán presentadas como un documento *word* que subirán á aula virtual.

ACTIVIDADES

O material didáctico que presentamos ofrece diversas actividades e propostas de traballo de carácter interactivo, elaboradas co programa *eXelearning* e proxectadas

para unha adquisición motivadora e atractiva dos contidos. No caso das propostas de traballo pretendemos que o alumnado amplíe e profundice nos coñecementos buscando información nas direccións web que recollemos e que elabore un traballo que deberá ser presentado en formato word.

As actividades que presentamos en cada unidade están elaboradas en función das seccións nas que estruturamos os seus contidos e permiten achegarse ao coñecemento mediante unha proposta ampla e variada, xa que propoñemos dende actividades de lectura con textos e preguntas de comprensión referidas aos conceptos desenvolvidos até actividades de encher ocos ou encrucillados.

Por outro lado, recollemos unha serie de actividades de reforzo e ampliación en cada unidade didáctica que permiten a consolidación da aprendizaxe dos contidos, elaboradas noutras aplicacións informáticas como *Hot potatoes* ou *JClic*.

Na estrutura de cada unidade didáctica ofrecemos tamén baixo o enunciado de CADERNO a posibilidade de realizar distintos tipos de actividades impresas coa idea de adxuntalas aos cadernos de clase e presentalas como un recurso máis de avaliación.

RECURSOS DE AVALIACIÓN

- Realización das actividades e do traballo programado.
- Presentación do caderno de clase.
- Cualificación obtida nunha sinxela proba sobre os conceptos máis importantes da unidade didáctica.
- Habilidade no manexo dos materiais dixitais.
- Seguimento das actividades programadas.
- Participación e implicación na realización das diferentes actividades.
- Revisión dos cadernos de clase.
- Sinxela proba sobre os contidos máis importantes da unidade.

- Traballos individuais ou en grupo de ampliación dos contidos.

MEDIOS DE RETROALIMENTACIÓN

Consideramos que no proceso avaliativo é necesario articular medios para a chegar a retroalimentación ás aprendizaxes, xa que a avaliación non é un proceso pechado e esta debe anticipar a aparición e valoración de dificultades non previstas inicialmente. Por tanto, as medidas que propoñemos para realizar un seguimento do proceso de ensinanza-aprendizaxe e da práctica docente así como do grao de implicación dos alumnos son as seguintes:

1. Dedicaremos unha parte de cada sesión a realizar de viva voz un breve cuestionario que contribúa a que o alumnado teña unha percepción axustada das súas posibilidades, dos seus erros e do xeito de superalos.
2. Na última sesión de cada unidade didáctica comentarase cos alumnos aspectos referidos ao desenvolvemento dos contidos e actividades, tratando de recoller información das súas impresións e do seu grao de motivación.
3. A información proporcionada polos dous puntos anteriores permitirán ao docente reflexionar sobre a marcha da materia, a validez da metodoloxía empregada e valorar as medidas de reorientación do proceso de ensinanza-aprendizaxe.
4. Ao remate de cada unidade didáctica o profesor pasará ao alumnado algún tipo de cuestionario que permita retroalimentar o proceso de avaliación.

UNIDADE DIDÁCTICA: REFERENCIAS DA VIDA COTIÁ DO MUNDO CLÁSICO NAS LINGUAS ACTUAIS

O noso propósito didáctico é recoller e organizar coñecementos referidos aos aspectos da vida cotiá do mundo clásico que deixaran a súa pegada no léxico actual. Centrámonos, en concreto, en palabras e expresións presentes en galego, inglés e francés que proceden dos aspectos que conforman o que consideramos *vida cotiá grecolatina*, como poden ser a familia, as etapas da vida, a educación, o deporte, o matrimonio e a comida.

OBJECTIVOS DE APRENDIZAXE

Contribución da unidade didáctica á adquisición das competencias básicas:

Competencia en comunicación lingüística: esta unidade contribúe á expresión oral e escrita e á lectura comprensiva de textos diversos en diferentes linguas que forman parte do currículo do noso sistema educativo. Podemos considerar a nosa unidade didáctica como unha ferramenta dinámica e práctica que permitirá ao alumnado a adquisición e ampliación de léxico referido aos distintos elementos da vida cotiá clásica en diferentes linguas.

Competencia na expresión cultural e artística: a contribución a esta competencia acadámola mediante o coñecemento de aspectos da vida cotiá do mundo clásico, como poden ser curiosidades sobre a familia romana, a súa educación e prácticas deportivas ou os seus hábitos culinarios, así como o recoñecemento da súa vixencia nas linguas actuais e na realidade que nos rodea.

Competencia para aprender a aprender: pola presentación dos contidos e actividades relacionados coa vida cotiá clásica dun xeito sinxelo e práctico, esta unidade didáctica contribuirá a unha aprendizaxe autónoma e organizada do noso alumnado.

Competencia dixital: pretendemos fomentar un uso crítico e reflexivo das distintas fontes de información que atopamos na rede, mediante a recollida nesta unidade didáctica de direccións web con información relevante e fiable sobre a sociedade

clásica, facendo delas un modelo para os alumnos sobre como achegarse á realidade das tecnoloxías da información, e a través da proposta de actividades que supoñan a análise, selección e tratamento da información en distintas aplicacións informáticas para elaborar documentos de aula.

Competencia social e cidadán: a contribución xorde a partir do coñecemento dos hábitos de vida e organización social da antigüidade clásica como un medio para achegarse e valorar a nosa propia organización social e para identificar os elementos de cohesión social e cidadán comúns a toda Europa.

Obxectivos específicos da unidade didáctica:

- Identificar o significado e a orixe dun grupo de palabras e expresións lingüísticas que proceden de diferentes ámbitos da vida cotiá antiga e a súa vixencia na actualidade.
- Comparar e analizar a evolución lingüística en galego, inglés e francés sufrida polas palabras latinas que teñen a súa orixe nos hábitos de vida clásicos.
- Acadar coñecementos sobre a familia, a educación e o deporte en Roma e sobre o matrimonio e os hábitos culinarios dos antigos.
- Aplicar os coñecementos adquiridos na resolución das actividades propostas e na interpretación dos textos.
- Diferenciar os ámbitos que conforman o que englobamos baixo o epígrafe *vida cotiá romana*.
- Identificar, se é o caso, o diferente significado ou os distintos matices de sentido que pode acadar en distintas linguas unha palabra que ten a mesma orixe.

CONTIDOS

Os coñecementos que pretendemos que os nosos alumnos acaden dun xeito áxil e dinámico refírense fundamentalmente a expresións e palabras presentes en galego, francés ou inglés que teñen a súa orixe nos hábitos de vida dos antigos, no relativo á familia, á educación ou á súa comida. Asemade, deberán comprender e saber usar en contextos adecuados o significado desas palabras e expresións na lingua propia e nas

linguas estranxeiras que empregamos na nosa unidade, así como coñecer e memorizar o termo nesas linguas.

Os contidos que imos desenvolver son os seguintes:

1. Palabras relacionadas coa familia romana: *“familia”, “xente”, “doméstico”, “irmán”, “nepotismo”, “cuñado”*.
2. Palabras referidas ás etapas da vida en Roma: *“infancia”, “infante”, “infantaría”, “adolescente”*.
3. Palabras relacionadas coa educación e o deporte: *“alumno”, “discípulo”, “disciplina”, “cálculo”, “pedagogo”, “saír á palestra”, “tableta”, “décatlon”, “péntatlon”*.
4. Palabras relativas ao matrimonio en Roma: *“manutención”, “emancipación”, “esponsais”, “esposa”, “matrimonio”*.
5. Palabras e expresións relacionadas coa comida romana: *“marmelada”, “marmelo”, “melocotón”, “fígado”, “compañeiro”, “fariña do mesmo costal”*.

SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

Os contidos desta unidade didáctica foron secuenciados en función da súa pertenza aos distintos apartados que conforman o que coñecemos como vida cotiá grecolatina. Contribuímos con esta secuenciación á adquisición dun coñecemento asociativo e organizado dos contidos que propoñemos. Tratamos de organizalos dun xeito breve e preciso buscando un rápido achegamento aos principais conceptos obxecto da nosa unidade e posibilitando que o proceso de ensinanza-aprendizaxe resulte o máis áxil posible.

No referido á temporalización, consideramos que son necesarias dúas sesións para unha correcta asimilación, comprensión e posta en práctica do aprendido por parte do alumno.

METODOLOXÍA

Empregaremos unha metodoloxía práctica e participativa, tratando de suscitar o interese e a implicación dos nosos alumnos na súa aprendizaxe.

Traballaremos do seguinte xeito:

1. Como é moi importante a motivación do alumno, comezaremos vendo unha galería de imaxes asociadas a unha palabra ou a unha expresión elaboradas con *eXelearning* e contidas na aula virtual da que forma parte o alumno.
2. Realizaremos preguntas que susciten o seu interese por entender o significado actual e a súa orixe, así como a relación entre a imaxe e a palabra.
3. Presentaremos, a continuación, o tema elaborado en *eXelearning* e realizaremos a explicación apoiándonos nesta presentación.
4. Realización das actividades interactivas recollidas en *eXelearning* e outras actividades creadas nesta aplicación.
5. Usaremos como actividade de reforzo e repaso de conceptos a realización en grupo das actividades deseñadas na unidade didáctica ou as propostas na páxina de *eXelearning* e que serán recollidas no caderno de clase ou presentadas como un documento de aula.
6. Proporemos a realización dun traballo en grupo ou individual, orientado a profundar nos coñecementos acadados e que permita usar as fontes de información que seleccionamos en relación con esta unidade na páxina de *eXelearning*, tendo que presentar o traballo como un documento *word* que logo subirán á aula virtual.

ACTIVIDADES

O material didáctico que presentamos ofrece diversas actividades e propostas de traballo de carácter interactivo, elaboradas co programa *eXelearning* e proxectadas para unha adquisición motivadora e atractiva dos contidos. No caso das propostas de

traballo pretendemos que o alumnado amplíe e profundice nos coñecementos buscando información nas direccións web que recollemos e que elabore un traballo que deberá ser presentado en formato word.

As actividades que presentamos en cada unidade están elaboradas en función das seccións nas que estruturamos os seus contidos e permiten achegarse ao coñecemento mediante unha proposta ampla e variada, xa que propoñemos dende actividades de lectura con textos e preguntas de comprensión referidas aos conceptos desenvolvidos até actividades de encher ocos ou encrucillados.

Por outro lado, recollemos unha serie de actividades de reforzo e ampliación en cada unidade didáctica que permiten a consolidación da aprendizaxe dos contidos, elaboradas noutras aplicacións informáticas como *Hot potatoes* ou *JClic*.

Na estrutura de cada unidade didáctica ofrecemos tamén baixo o enunciado de CADERNO a posibilidade de realizar distintos tipos de actividades impresas coa idea de adxuntalas aos cadernos de clase e presentalas como un recurso máis de avaliación.

RECURSOS DE AVALIACIÓN

- Realización das actividades e do traballo programado.
- Presentación do caderno de clase.
- Cualificación obtida nunha sinxela proba sobre os conceptos máis importantes da unidade didáctica.
- Habilidade no manexo dos materiais dixitais.
- Seguimento das actividades programadas.
- Participación e implicación na realización das diferentes actividades.
- Revisión dos cadernos de clase.
- Sinxela proba sobre os contidos máis importantes da unidade.
- Traballos individuais ou en grupo de ampliación dos contidos.

MEDIOS DE RETROALIMENTACIÓN

Consideramos que no proceso avaliativo é necesario articular medios para chegar a retroalimentación ás aprendizaxes, xa que a avaliación non é un proceso pechado e esta debe anticipar a aparición e valoración de dificultades non previstas inicialmente. Por tanto, as medidas que propoñemos para realizar un seguimento do proceso de ensinanza-aprendizaxe e da práctica docente así como do grao de implicación dos alumnos son as seguintes:

1. Dedicaremos unha parte de cada sesión a realizar de viva voz un breve cuestionario que contribúa a que o alumnado teña unha percepción axustada das súas posibilidades, dos seus erros e do xeito de superalos.
2. Na última sesión de cada unidade didáctica comentarase cos alumnos aspectos referidos ao desenvolvemento dos contidos e actividades, tratando de recoller información das súas impresións e do seu grao de motivación.
3. A información proporcionada polos dous puntos anteriores permitirán ao docente reflexionar sobre a marcha da materia, a validez da metodoloxía empregada e valorar as medidas de reorientación do proceso de ensinanza-aprendizaxe.
4. Ao remate de cada unidade didáctica o profesor pasará ao alumnado algún tipo de cuestionario que permita retroalimentar o proceso de avaliación.

